



das, indicarán expresamente esta circunstancia y se entenderán dictados por la Alcaldía de este Ayuntamiento. En consecuencia, corresponderá a esta Alcaldía la Resolución de los recursos de reposición que se pudieran interponer contra dichos actos.

Quinto.- La delegación conferida en el presente Decreto requerirá para su eficacia la aceptación del órgano delegado, entendiéndose ésta otorgada tácitamente si no se formula ante esta Alcaldía expresa manifestación de no aceptación de la delegación en el término de tres días hábiles contados desde el siguiente a aquel en que le sea notificada esta resolución.

Sexto.- La presente resolución será publicada en el Boletín Oficial de la Provincia, dándose cuenta de su contenido al Pleno de la Corporación en la primera sesión que esta celebre.

Séptimo.- En lo no previsto expresamente en esta resolución se aplicarán directamente las previsiones de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, y del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales aprobado por el Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, en cuanto a las reglas que para la delegación se establecen en dichas normas.

(...)

El alcalde. El secretario accidental.

R. 755

Calvos de Randín

De conformidade co exposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, procédese á notificación colectiva mediante a exposición ao público durante o prazo de 15 días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, para os efectos de reclamacións e alegacións, dos seguintes padróns:

- IBI urbana 2019
- IBI rústica 2019
- IVTM 2019
- LIXO 2019
- BICES 2019

Contra a aplicación e efectividade dos datos que aparecen nos padróns poderá interporse un recurso de reposición ante o alcalde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da finalización do período de exposición pública do padrón. O citado recurso entenderase desestimado se transcorre un mes desde a súa interposición sen que se notifique a súa resolución.

O prazo para interpor, se é o caso, un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, será de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución expresa do recurso de reposición. Se non a houbese, o prazo será de seis meses contados desde o día seguinte en que o recurso de reposición deba entenderse desestimado por silencio administrativo.

Calvos de Randín, 18 de marzo de 2019. O alcalde.

Asdo.: Aquilino Valencia Salgado.

De conformidade con lo expuesto en el artículo 102.3 de la Ley 58/2003, de 17 de diciembre, General Tributaria, se procede a la notificación colectiva mediante la exposición al público durante el plazo de 15 días hábiles, contados desde el siguiente al de la publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Ourense, a los efectos de reclamaciones y alegaciones, de los siguientes padrones:

- IBI urbana 2019

- IBI rústica 2019
- IVTM 2019
- LIXO 2019
- BICES 2019

Contra la aplicación y efectividad de los datos que aparecen en los padrones podrá interponerse un recurso de reposición ante el alcalde, en el plazo de un mes contado desde el día siguiente al de la finalización del período de exposición pública del padrón. El citado recurso se entenderá desestimado si transcurre un mes desde su interposición sin que se notifiquesu resolución.

El plazo para interponer, en su caso, un recurso contencioso-administrativo ante el Juzgado de lo Contencioso-Administrativo de Ourense, será de dos meses, contados desde el día siguiente al de la notificación de la resolución expresa del recurso de reposición. Si no la hubiera, el plazo será de seis meses contados desde el día siguiente en que el recurso de reposición deba entenderse desestimado por silencio administrativo.

Calvos de Randín, 18 de marzo de 2019. El alcalde.

Fdo.: Aquilino Valencia Salgado.

R. 795

Cenlle

Anuncio

Unha vez aprobado polo Pleno do Concello de Cenlle, con data 19 de decembro de 2019, a cesión do concello en propiedade do Centro de Saúde situado en Cenlle ao Servizo Galego de Saúde, para a asunción por este organismo dos gastos de mantemento deste, ao abeiro do establecido no artigo 110 do Regulamento de bens das entidades locais, exponse ao público o expediente na Secretaria do concello polo prazo de quince días, para que os interesados poidan examinalos e presentar reclamacións.

Cenlle, 21 de marzo de 2019. O alcalde.

Anuncio

Una vez aprobado por el Pleno del Ayuntamiento de Cenlle, de fecha 19 de diciembre de 2018, la cesión del ayuntamiento de la propiedad del centro de salud ubicado en Cenlle al Servicio Gallego de Salud, para la asunción por este organismo de los gastos del mantenimiento de este, de conformidad con lo establecido en el artículo 110 del Reglamento de los Bienes de las Entidades Locales, se expone al público el expediente en la secretaria del ayuntamiento por el plazo de 15 días, para que los interesados puedan examinarlo y presentar reclamaciones.

Cenlle, 21 de marzo de 2019. El alcalde.

R. 756

Monterrei

BDNS(Identif.): 445410

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8 a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria de axudas a asociacións do concello de Monterrei para o exercicio 2019, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local do 13 de febreiro de 2019, cuxo texto completo se pode consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións:

(<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. Beneficiarios:



Poderán solicitar as subvencións reguladas nesta convocatoria as asociacións con domicilio social no municipio de Monterrei, con exclusión das asociacións de montes veciñais en man común.

Segundo. Obxecto:

O obxectivo das axudas é o de favorecer a realización de actividades, o fomento do asociacionismo municipal e a participación cidadá na actividade municipal, promovidas polas entidades ás que vai dirixida esta convocatoria e que se desenvolvan no ano 2019.

Terceiro. Bases reguladoras:

Acordo da Xunta de Goberno Local do 13 de febreiro de 2019, polo que se aproban as bases reguladoras da convocatoria de subvencións a asociacións do concello de Monterrei para o exercicio 2019.

Cuarto. Importe:

A concesión destas subvencións outorgarase con cargo á aplicación 338.480 do orzamento xeral do Concello para o exercicio 2019, no que se reservou para tal fin o correspondente crédito orzamentario, por un importe globalmente considerado de 4.000,00 €.

Ningunha entidade pode percibir ao abeiro desta convocatoria unha contía superior aos 500 €.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes:

O prazo de presentación será dun (1) mes a partir da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

BDNS(Identif.): 445410

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b) y 20.8 a) de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria de ayudas a asociaciones del municipio de Monterrei para el ejercicio 2019, aprobadas por acuerdo de la Junta de Gobierno Local del 13 de febrero de 2019, cuyo texto completo se puede consultar en la Base de Datos Nacional de Subvenciones:

(<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primero. Beneficiarios:

Podrán solicitar las subvenciones reguladas en esta convocatoria las asociaciones con domicilio social en el municipio de Monterrei, con exclusión de las asociaciones de montes vecinales en mano común.

Segundo. Objeto:

El objetivo de las ayudas es el de favorecer la realización de actividades, el fomento del asociacionismo municipal y la participación ciudadana en la actividad municipal, promovidas por las entidades a las que va dirigida esta convocatoria y que se desarrollen en el año 2019.

Terceiro. Bases reguladoras:

Acuerdo de la Junta de Gobierno Local del 13 de febrero de 2019, por el que se aprueban las bases reguladoras de la convocatoria de subvenciones a asociaciones del municipio de Monterrei para el ejercicio 2019.

Cuarto. Importe:

La concesión de estas subvenciones se otorga con cargo a la aplicación 338.480 del presupuesto general del Ayuntamiento para el ejercicio 2019, en el que se reservó a tal fin el correspondiente crédito presupuestario por un importe de 4.000,00 €.

Ninguna entidad podrá percibir al amparo de esta convocatoria una cuantía superior a 500 €.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes:

El plazo de presentación será de un mes a partir de la publicación de estas bases en el Boletín Oficial de la Provincia de Ourense.

R. 769

Ourense

Oficialía Maior

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 7 de marzo de 2019, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

17.- Renovación de tarifas de taxis. Expediente 2018027864

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (10 votos a favor), acordou:

1.- Informar favorablemente as seguintes tarifas de autotaxis:

Tarifa 1 (de luns a venres laborables de 7.00 h a 21.00 h)

Baixada de bandeira: 2,10 euros

Km. percorrido: 1,10 euros

Espera por hora: 23,75 euros

Maletas ou similares: 0,35 euros

Tarifa 2 (sábados, domingos e festivos de 7.00 h a 21.00 h)

Baixada de bandeira: 2,88 euros

Km. percorrido: 1,12 euros

Espera por hora: 24,82 euros

Maletas ou similares: 0,35 euros

Tarifa 3 (de luns a domingo de 21.00 h a 7.00 h)

Baixada de bandeira: 3,04 euros

Km. percorrido: 1,17 euros

Espera por hora: 26,25 euros

Maletas ou similares: 0,35 euros

Os días 25 de decembro, 1 de xaneiro e 6 de xaneiro aplicárase un incremento do 25% sobre a tarifa 2 (sábados, domingos e festivos de 7.00 h a 21.00 h) e sobre a tarifa 3 (de luns a domingo de 21.00 h a 7.00 h).

2.- Remitirlle esta proposta á Comisión de Prezos de Galicia para a súa autorización e aprobación definitiva.

Ourense, na data da sinatura electrónica. A concelleira-secretaria.

Asdo.: Flora Moure Iglesias.

Oficialía Mayor

La Junta de Gobierno Local, en sesión ordinaria de 7 de marzo de 2019, adoptó, entre otros, el siguiente acuerdo:

17.- Renovación de tarifas de taxis. Expediente 2018027864

La Junta de Gobierno Local, de conformidad con la propuesta, por unanimidad de los asistentes (10 votos a favor), acordó:

1.- Informar favorablemente las siguientes tarifas de autotaxis:

Tarifa 1 (de lunes a viernes laborables de 7:00 h a 21:00 h)

Bajada de bandera: 2,10 euros

Km. recorrido: 1,10 euros

Espera por hora: 23,75 euros

Maletas o similares: 0,35 euros

Tarifa 2 (sábados, domingos y festivos de 7:00 h a 21:00 h)

Bajada de bandera: 2,88 euros

Km. recorrido: 1,12 euros

Espera por hora: 24,82 euros

Maletas o similares: 0,35 euros

Tarifa 3 (de lunes a domingo de 21:00 h a 7:00 h)

Bajada de bandera: 3,04 euros

Km. recorrido: 1,17 euros

Espera por hora: 26,25 euros

Maletas o similares: 0,35 euros

Los días 25 de diciembre, 1 de enero y 6 de enero se aplicará un incremento del 25% sobre la tarifa 2 (sábados, domingos y festivos de 7:00 h a 21:00 h) y sobre la tarifa 3 (de lunes a domingo de 21:00 h a 7:00 h).



Concello de Monterrei

Anuncio de convocatoria pública de subvencións a asociacións do Concello de Monterrei para o exercicio 2019, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local do 13 de febreiro de 2019:

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A ASOCIACIÓNS DO CONCELLO DE MONTERREI PARA O EXERCICIO 2019

Primeira. Obxecto

O obxecto destas bases é a regulación da tramitación e concesión de subvencións a asociacións que desenvolvan a súa actividade dentro do termo municipal de Monterrei, mediante convocatoria pública e a través do procedemento de concorrencia competitiva. Quedarán excluídas desta convocatoria as asociacións de montes veciñais en man común.

O obxectivo das axudas é o de favorecer a realización de actividades, o fomento do asociacionismo municipal e a participación cidadá na actividade municipal, promovidas polas entidades ás que vai dirixida esta convocatoria e que se desenvolvan no ano 2019. O programa deberá ser viable tendo en conta o orzamento da entidade e os medios dos que dispón.

As accións financiadas coa subvención que se perciba ao abeiro desta convocatoria deberán executarse con estrito sometemento á normativa vixente que sexa de aplicación, tanto dende o punto de vista fiscal como laboral, e outros de semellante natureza.

Ao abeiro desta subvención cada asociación solo poderá financiar unha actividade ou programa.

O programa para o que se solicita a subvención deberá referirse a:

- a) Actividades de carácter sociocultural, deportivo, recreativo e formativo.
- b) Actividades de promoción do asociacionismo e da participación cidadá na vida pública.
- c) Actividades de fomento do desenvolvemento sostible e aquelas accións encamiñadas á utilización de novas tecnoloxías.
- d) Actividades de promoción da igualdade entre mulleres e homes e prevención da violencia de xénero.
- e) Gastos derivados de equipamento da asociación e mellora dos locais onde desenvolva a súa actividade.

Segunda. Beneficiarios

Poderán solicitar as subvencións reguladas nesta convocatoria as asociacións con domicilio social no municipio de Monterrei, con exclusión das asociacións

Concello de Monterrei



Concello de Monterrei

de montes veciñais en man común.

Terceira. Financiamento

A concesión destas subvencións outorgarase con cargo á aplicación 338.480 do orzamento xeral do Concello para o exercicio 2019, no que se reservou para tal fin o correspondente crédito orzamentario, por un importe globalmente considerado de 4.000,00 €.

Cuarta. Solicitudes: prazos, lugar de presentación e documentación

1) As solicitudes segundo o modelo de instancia normalizado (anexo I), subscribas polo representante legal da entidade interesada, irán dirixidas ao alcalde do Concello, mediante a presentación no Rexistro Xeral do Concello ou a través de calquera outro medio dos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2) O prazo de presentación será dun (1) mes a partir da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

3) As solicitudes deberán formularse achegando a seguinte documentación:

3.1. Documentación administrativa:

a. Instancia dirixida ao alcalde no modelo oficial, recollido no anexo I destas bases.

b. Fotocopia do CIF da entidade e do DNI da persoa física que a representa.

c. Certificación da conta bancaria da entidade expedida polo banco ou caixa correspondente.

d. Declaración responsable segundo o modelo recollido como anexo II destas bases, comprensiva do feito de non atoparse incurso a entidade solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, incluíndo unha referencia expresa á circunstancia de atoparse ao día nas súas obrigas tributarias (Axencia Tributaria do Estado e Consellería de Facenda da Xunta) e de Seguridade Social.

e. Declaración do solicitante da subvención na que figure o conxunto de subvencións e axudas solicitadas para os mesmos fins, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes, sexan públicas ou privadas, segundo o modelo recollido no anexo III.

3.2. Documentación obrigatoria para a valoración das solicitudes:

a. Memoria explicativa detallada da actividade para a que se solicita a subvención, conforme co modelo recollido no anexo IV.

b. Orzamento de ingresos e gastos previstos para a realización das actividades, conforme co modelo recollido no anexo V.

c. Memoria de actividades dos catro anos anteriores, segundo o modelo do anexo VI.

Concello de Monterrei



Concello de Monterrei

Quinta. Gastos subvencionables

Consideraranse gastos subvencionables os gastos derivados de equipamento e mellora dos locais da asociación e da realización das actividades subvencionadas, sempre que se atopen incluídos nos supostos definidos polo artigo 29 da Ley 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Sexta. Procedemento de concesión

A instrución e ordenación do procedemento de concesión das axudas obxecto destas bases correspóndelle á Alcaldía.

Unha vez presentada a solicitude, comezarase a instrución do expediente coa comprobación da corrección da documentación achegada. Unha vez examinada a documentación, a Alcaldía poderá conceder un prazo de ata dez días hábiles para a emenda das deficiencias materiais detectadas. Unha vez transcorrido o dito prazo, se é o caso, procederase de conformidade coas seguintes regras:

- a. Con respecto ás entidades que non achegasen de modo completo e no prazo establecido a documentación administrativa, formularase proposta de non admisión a trámite das súas solicitudes.
- b. Con respecto ao resto de entidades, proporase a súa admisión a trámite e pasarase á Comisión de Valoración para que formule proposta de valoración das solicitudes conforme aos criterios recollidos nestas bases.

Sétima. Comisión de Valoración

A Comisión de Valoración estará integrada polos seguintes membros:

- Presidente: o alcalde ou concelleiro no que delegue.
- Vogais: a traballadora social e o axente de emprego.
- Secretario: o secretario-interventor do Concello.

Oitava. Criterios de valoración para a concesión de subvencións, así como para a fixación da súa contía, serán os seguintes:

- A continuidade, estabilidade e solvencia da entidade solicitante no ámbito no que vaia desenvolver a actividade (ata 5 puntos).
- A orixinalidade do programa ou actividades que desenvolva, o interese xeral e a súa incidencia no ámbito municipal (ata 10 puntos).
- Número estimado de beneficiarios das actividades que desenvolve a entidade (ata 20 puntos).
- Potenciación do idioma/cultura galegos (ata 5 puntos).
- Obras urxentes de reparación e conservación dos locais sociais (ata 10 puntos).

Novena. Contía máxima da subvención

Ningunha entidade pode percibir ao abeiro desta convocatoria unha contía

Concello de Monterrei



Concello de Monterrei

superior aos 500 €.

Décima. Resolución

A proposta da Comisión de Valoración elevaráselle á Xunta de Goberno Local do Concello, que adoptará o acordo de resolución no prazo máximo de tres meses dende o remate do prazo de corrección de deficiencias documentais, se é o caso, ou dende o remate do prazo de presentación de instancias. A falta de resolución expresa no dito prazo terá o efecto dun acto presunto desestimatorio.

A resolución seralle notificada a todos os solicitantes.

Undécima. Publicidade da concesión

O acordo de outorgamento será obxecto de publicación na páxina web do Concello de Monterrei e no portal de transparencia e na Base de Datos Nacional de Subvencións con expresións das entidades beneficiarias e da contía das subvencións concedidas.

Décimo segunda. Publicidade da subvención por parte do beneficiario

O beneficiario da subvención deberá adoptar medidas de difusión da subvención concedida, para darlle unha axeitada publicidade ao carácter público do financiamento da súa actividade, debendo realizar como mínimo as seguintes medidas de difusión:

- Inclusión da imaxe institucional do Concello de Monterrei ou dunha lenda alusiva ao feito de que a actividade está subvencionada polo Concello, nos carteis e materiais impresos da súa actividade ou, de ser o caso, na páxina web da entidade.
- Comunicarlle ao Concello a realización de cada unha das actuacións, eventos ou actividades subvencionadas cunha antelación mínima de 15 días naturais.

Décimo terceira. Xustificación

As subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria deberán estar xustificadas antes do 30 de novembro de 2019.

De maneira xustificada a Xunta de Goberno Local poderá conceder unha prórroga no prazo indicado.

A documentación xustificativa será a seguinte:

- a) Instancia subscria polo representante legal da entidade beneficiaria da subvención na que solicite o seu pagamento.
- b) Conta xustificativa, segundo establece o artigo 75.2 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións, integrada polos seguintes documentos:
 - Memoria detallada das actividades realizadas, financiadas coa subvención e o seu custo. Deberá adaptarse ao proxecto presentado na solicitude. No caso de non facelo así, reducirase a subvención proporcionalmente ao importe

Concello de Monterrei



Concello de Monterrei

xustificado.

- Relación numerada dos documentos xustificativos de cada un dos gastos realizados con motivo da actividade ou proxecto subvencionado con expresión mínima do número de factura, proveedor, obxecto facturado, importe total do documento, data de pagamento (anexo VII).
- Detalle doutros ingresos ou subvencións que financiarán a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia (anexo VIII)
- Orixinais ou copias cotexadas das facturas xustificativas dos gastos.

A conta xustificativa presentarase conformada polo presidente da entidade.

c) Acreditación das medidas de difusión adoptadas. Incluirase unha copia dos documentos gráficos ou outros medios nos que conste que a actividade foi subvencionada polo Concello de Monterrei.

Décimo cuarta. Requisitos dos documentos legais de xustificación do gasto

Os documentos que se acheguen como xustificante da subvención deberán cumprir os requisitos seguintes:

- a) Deberase achegar o orixinal ou unha copia compulsada de cada un dos documentos que se presenten.
- b) As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos para a súa expedición no Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, ademais de estar datadas no período subvencionable (dentro do exercicio 2019) e contar co selo de pagado ou presentar xustificación documental que acredite o pagamento.

En ningún caso se admitirán cartas de recepción.

Décimo quinta. Pagamento

O pagamento realizarase unha vez xustificada de modo completo a subvención concedida mediante transferencia á conta correspondente sinalada pola entidade beneficiaria. A falta de acreditación de gastos, así como as deficiencias non susceptibles de emenda que se observen na conta xustificativa que presente o beneficiario, dará lugar a perda automática da cantidade subvencionada.

Décimo sexta. Aceptación da subvención e compromisos

A subvención entenderase aceptada polo solicitante se dentro do prazo dos 10 días seguintes á recepción da notificación da concesión non manifesta nada en contra.

Os beneficiarios da subvención, unha vez aceptada, quedarán obrigados a destinar os fondos percibidos para o obxecto concreto para o que foron concedidos.

Os beneficiarios someteranse ás actuacións de comprobación e seguimento da aplicación da subvención polo Concello cos medios que estime oportunos e facilitarán canta información lles sexa requirida. Con carácter xeral, os

Concello de Monterrei



Concello de Monterrei

beneficiarios asumirán todas as obrigas impostas pola Lei xeral de subvencións.

Décimo sétima. Compatibilidade con outras axudas ou subvencións públicas ou privadas.

As subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras axudas ou subvencións públicas ou privadas, concedidas por administracións distintas do propio Concello de Monterrei para os mesmos gastos ou por entidades ou empresas privadas, sempre que o conxunto das ditas axudas non exceda do 100% do gasto subvencionado. Para o cálculo do gasto tamén se terán en conta as achegas que, se é o caso, fagan as persoas que participen nas actividades en conceptos de cotas de inscrición. Os ingresos que perciba a entidade por este concepto tamén serán declarados na conta xustificativa da subvención. No suposto de que a suma da subvención municipal máis os ingresos por outros conceptos (subvencións, achegas dos participantes...) supere o 100% do custo do proxecto, a subvención será reducida ata chegar ao 100% do custo.

Décimo oitava. Reintegro de subvencións

No caso de incumprimento da entidade por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións, tramitarase un expediente de reintegro, ou, se é o caso, de perda do dereito á subvención concedida. A obriga de reintegro ou a perda do dereito á subvención poderá ser total ou parcial, en función da gravidade do incumprimento do beneficiario, graduándose o acordo co principio de proporcionalidade.

Disposición final

En todo o non especificado nestas bases aterase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Tamén se aplicará a lexislación vixente en materia de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Estas bases entrarán en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

A documentación e os anexos poderanse obter nas oficinas municipais de luns a venres, en horario de 9.00 a 14.00 h ou na páxina web municipal www.monterrei.es.

Concello de Monterrei

Rúa Fontiñas, núm 2, Monterrei. 32618 (Ourense). Tfno. 988418002. Fax: 988425700



Concello de Monterrei

ANEXO I (Solicitud)

Apelidos e nome	DNI	Teléfono
Entidade á que representa	CIF	
Enderezo	Municipio-Provincia	
Correo electrónico		

EXPOÑO:

Que a entidade á que represento cumpre os requisitos esixidos na convocatoria do concurso público para a concesión de subvencións a asociacións do Concello de Monterrei para o ano 2019.

Asumo todos os compromisos reflectidos na dita convocatoria e presento a seguinte documentación esixida nesta:

- Solicitud (anexo I)
 - Fotocopia do CIF da entidade e do DNI de persoa física que a representa
 - Certificación de titularidade de conta bancaria
 - Declaración responsable (anexo II)
 - Declaración de axudas (anexo III)
 - Memoria (anexo IV)
 - Orzamento de ingresos e gastos (anexo V)
 - Memoria de actividades de anos anteriores (anexo VI)
-

SOLICITO:

Unha subvención por importe de.....€ para (marcar o que proceda):

- Promoción de actividades
 - Equipamento e mellora de local
-

Monterrei,de.....de

Asdo.:

AO ALCALDE DO CONCELLO DE MONTERREI

Concello de Monterrei

Rúa Fontiñas, núm 2, Monterrei. 32618 (Ourense). Tfno. 988418002. Fax: 988425700



Concello de Monterrei

ANEXO II (Declaración responsable)

Apellidos e nome	DNI	Teléfono
Entidade á que representa		CIF

DECLARO:

-
- Non atoparme incurso/a en causa constitutiva de prohibición de obtención de subvencións.
 - Estar ao corrente das obrigas tributarias coa Facenda estatal e autonómica.
 - Estar ao corrente coas obrigas coa Seguridade Social
-

E, para que conste para os efectos previstos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, asino esta declaración.

Monterrei,.....de.....de.....

Asdo.:

OA ALCALDE DO CONCELLO DE MONTERREI

Concello de Monterrei

Rúa Fontiñas, núm 2, Monterrei. 32618 (Ourense). Tfno. 988418002. Fax: 988425700



Concello de Monterrei

ANEXO III (Declaración xurada)

Apelidos e nome	DNI	Teléfono
Entidade á que representa		CIF

En calidade de....., DECLARO que a entidade á represento presentou as seguintes solicitudes e lle foron concedidas, de ser o caso, as seguintes axudas para o mesmo proxecto ou actividade:

Organismo ou entidade	Data de solicitude	Concesión (1)	Contía

(1) No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicárase pendente na columna. No caso de solicitudes denegadas, farase constar denegada.

- Non ter solicitado nin, en consecuencia, ter concedida ningunha axuda para o mesmo fin, sexan públicas ou privadas.

Monterrei,.....de.....de

Asdo.:

AO ALCALDE DO CONCELLO DE MONTERREI

Concello de Monterrei

Rúa Fontiñas, núm 2, Monterrei. 32618 (Ourense). Tfno. 988418002. Fax: 988425700



Concello de Monterrei

ANEXO IV (Memoria)

Apelidos e nome	DNI	Teléfono
Entidade á que representa		CIF
Enderezo		Municipio-Provincia
Correo electrónico		

Denominación do proxecto ou actividade

Persoa/s responsable/s do proxecto

Fundamentación (razón/s pola/s que se solicita a axuda)

Proxecto (Descrición)	Data de execución

Destinatarios/as (quen se vai beneficiar desta actuación e, no caso de actividades, quen vai participar ou para quen se organizan, número aproximado de participantes...)

Grado de interese/utilidade dos fins perseguidos

Repercusión territorial

Potenciación do idioma/cultura galegos

Observacións

Concello de Monterrei



Concello de Monterrei

Monterrei,de.....de.....

Asdo.:

AO ALCALDE DO CONCELLO DE MONTERREI

Concello de Monterrei

Rúa Fontiñas, núm 2, Monterrei. 32618 (Ourense). Tfno. 988418002. Fax: 988425700



Concello de Monterrei

ANEXO V
(Orzamento)

ORZAMENTO XERAL DA ACTIVIDADE

Orzamento de ingresos		Orzamento de gastos	
	Euros		Euros
Ingresos da entidade por cotas		Gastos de persoal	
Ingresos ordinarios		Gastos de servizos	
Ingresos subvencións		Imprevistos	
Outros ingresos		Outros gastos	
Total ingresos		Total gastos	

Monterrei,de.....de.....

Asdo.:

AO ALCALDE DO CONCELLO DE MONTERREI

Concello de Monterrei

Rúa Fontiñas, núm 2, Monterrei. 32618 (Ourense). Tfno. 988418002. Fax: 988425700



Concello de Monterrei

ANEXO VI

(Memoria de actividades de ejercicios anteriores)

Apellidos e nome	DNI	Teléfono
Entidade á que representa		CIF
Enderezo		Municipio-Provincia
Correo electrónico		

EXERCICIO.....(cubrir tantos modelos como ejercicios nos que se realizasen actividades ata un máximo de 4)

Actividades	Data de execución

Descrición:

Monterrei,.....de.....de.....

Asdo.:

AO ALCALDE DO CONCELLO DE MONTERREI

Concello de Monterrei

Rúa Fontiñas, núm 2, Monterrei. 32618 (Ourense). Tfno. 988418002. Fax: 988425700



Concello de Monterrei

ANEXO VII

Relación numerada dos gastos

Núm. factura	Provedor	Concepto	Importe euros	Data pagamento

Monterrei,de.....de.....

Asdo.:

AO ALCALDE DO CONCELLO DE MONTERREI

Concello de Monterrei

Rúa Fontiñas, núm 2, Monterrei. 32618 (Ourense). Tfno. 988418002. Fax: 988425700



Concello de Monterrei

ANEXO VIII

Apelidos e nome	DNI	Teléfono
Entidade á que representa		CIF

En calidade de....., para os efectos da súa inclusión na conta xustificativa da subvención outorgada polo Concello de Monterrei para o proxecto denominado.....
.....

DECLARO (sinalar o que proceda):

- Que percibiu as seguintes axudas ou subvencións para o financiamento do dito proxecto:

Organismo ou entidade concedente	Data de concesión	Contía

- Que non percibiu ningunha outra axuda ou subvención procedente dunha entidade pública ou privada.

- Que percibiu outros ingresos segundo o detalle seguinte:

Natureza do ingreso (1)	Contía

(1) No caso de ingresos por cotas dos participantes, farase constar o número de participantes e o seu importe unitario.

Monterrei,.....de.....de.....

Asdo.:

AO ALCALDE DO CONCELLO DE MONTERREI

Concello de Monterrei

Rúa Fontiñas, núm 2, Monterrei. 32618 (Ourense). Tfno. 988418002. Fax: 988425700